

Bo, sinxelo e solidario Nadal!



O Nadal é un "Misterio" orixinal e único;
íntimo, silencioso e oculto.

Un "Misterio" que só se pode captar
desde unha actitude interior de acougo e escoita.

Un "Misterio" que nos está a falar da presenza entrañable de Alguén
que quixo entrar un día na nosa historia
e permanecer discretamente nela;
que quixo compartir a nosa vida
para que nós participáramos anticipadamente a súa,
compartindo solidariamente cos outros o que somos e temos.

Desde o primeiro Nadal, xa fai máis de dous mil anos,
o máis auténtico do ser humano faise divino,
a humanidade "humanizándose" ten futuro
e o mundo non está irremediabilmente perdido.



sumario

Páx. 2
Escribe o noso Bispo
e novas relevantes da
Igrexa

Páx. 3
Opinión.
Anxo Arriví Diéguez
Benito Méndez

Páx. 4/5
A Fondo:
Beléns galegos

Páx. 6
Cultura
Félix Villares Mouteira

Páx. 7
Diocese: Francisco
Xabier Martínez

Faragullas: Félix
Villares Mouteira

Páx. 8
Novas das Dioceses
Axenda

¿Necesitamos un Salvador?

Mons. Manuel Sánchez Monge, Obispo de Mondoñedo-Ferrol

“Os ha nacido un Salvador: el Mesías, el Señor” (Lc 2,11). Hoy, como hace más de dos mil años, es un anuncio de alegría y esperanza. Pero el hombre de hoy, ¿necesita un ‘salvador’? El hombre del tercer milenio que se ha puesto el pie en la luna, que ha descubierto los secretos más íntimos de la naturaleza y logra descifrar los fascinantes códigos del genoma humano, el hombre que ha inventado la comunicación interactiva, que navega en el océano virtual de Internet y que, gracias a las más modernas y avanzadas tecnologías mediáticas, ha convertido la Tierra en una pequeña aldea global, ¿necesita un ‘salvador’? El hombre del siglo veintiuno, autosuficiente y seguro de sí mismo, protagonista de éxitos indiscutibles en tantos terrenos, parece no necesitar ningún salvador.

Lo parece, pero no es así. Se muere todavía de hambre y de sed, de enfermedad y de pobreza en este tiempo de abundancia y de consumismo desenfrenado. Todavía hay quienes están

esclavizados, explotados y ofendidos en su dignidad, quienes son víctimas del odio racial y religioso, y se ven impedidos de profesar libremente su fe por intolerancias y discriminaciones, por ingerencias políticas y coacciones físicas o morales. Hay quienes ven su cuerpo y el de los propios seres queridos, especialmente niños, destruido por el uso de las armas, por el terrorismo y por cualquier tipo de violencia en una época en que se invoca y proclama por doquier el progreso, la solidaridad y la paz para todos. Sigue habiendo algunas personas engañadas por fáciles profetas de felicidad, y otras incapaces de asumir responsabilidades estables que se encaminan por el túnel de la soledad y acaban frecuentemente esclavizados por el alcohol o la droga.

Desde el fondo de esta humanidad placentera y desesperada, surge una desgarradora petición de ayuda. Es Navidad: hoy entra en el mundo “la luz verdadera, que alumbr a todo hombre” (Jn 1, 9). Hoy “la Palabra se hace carne, y acampa entre nosotros”



(Jn 1,14). Hoy, precisamente hoy, Cristo viene de nuevo “entre los suyos” y a quienes lo acogen les da “poder para ser hijos de Dios”. Es decir, les ofrece la oportunidad de ver la gloria divina y de compartir la alegría del Amor, que en Belén se ha hecho carne

por nosotros. Hoy “nuestro Salvador ha nacido en el mundo”, porque sabe que lo necesitamos. A pesar de tantas formas de progreso, el ser humano es el mismo de siempre: una libertad tensa entre bien y mal, entre vida y muerte. Es precisamente en su intimidad, en lo que la Biblia llama el “corazón”, donde siempre necesita ser salvado. Y en la época actual postmoderna necesita quizás aún más un Salvador, porque la sociedad en la que vive se ha vuelto más compleja y se han he-

cho más insidiosas las amenazas para su integridad personal y moral. ¿Quién puede defenderlo sino Aquél que lo ama incondicionalmente? Cristo es también el Salvador del hombre de hoy. Es Él quien se ocupará de que, como condición para la paz, se reconozca, tutele y promueva el bien integral de la persona humana, respetando a todo hombre y toda mujer en su dignidad. Es Él quien ayudará a comprender que con buena voluntad, racionabilidad y moderación, no sólo se puede evitar que los conflictos se agraven, sino llevarlos también hacia soluciones equitativas. Ésta es nuestra esperanza. Este es el anuncio que la Iglesia hace resonar también en esta Navidad: el Hijo de Dios se ha unido en cierto modo a cada hombre (cf. Gaudium et spes, 22). Nuestro Salvador ha nacido para todos. Tenemos que proclamarlo no sólo con las palabras, sino también con toda nuestra vida, dando al mundo el testimonio de comunidades unidas y abiertas, en las que reina la hermandad y el perdón, la acogida y el servicio recíproco, la verdad, la justicia y el amor.



Breves

Ana M. Barro - Agencias

BEATIFICADOS 23 MÁRTIRES DA PERSECUCIÓN ESPAÑOLA

Nunha solemne cerimonia na Catedral da Almudena durante unha celebración eucarística que tivo lugar o 17 de decembro presidida, en representación do Santo Padre Benedicto XVI, polo prefecto da Congregación para as Causas dos Santos, monseñor Angelo Amato SDB, foron beatificados 23 mártires da persecución relixiosa de 1936 en España.

A cerimonia de beatificación coincidiu co 150º aniversario da morte de San Eugenio de Mazenod, fundador da congregación de Misioneiros Oblatos de María Inmaculada (OMI) á que pertencen os novos beatos. Os relixiosos, que se estableceran no barrio da Estación de Pozuelo de Alarcón no 1929, exercían os eu ministerio como capeláns en tres comunidades de relixiosas, e colaboraban nas parroquias da contorna. A gran maioría deles foron asasinados moi novos.

CAMPAÑA DE TELEFÓNICA PARA CONTACTAR COS MISIONEIRAS

Os familiares dos misioneiros poden poñerse en contacto con eles por teléfono de xeito gratuito, chamando ao 900 123 500. Trátase da Campaña de Nadal que pon en marcha tódolos anos a Fundación Telefónica dende o 12 de decembro de 2011 ao 8 de xaneiro de 2012. Os cooperantes e misioneiros españois en misión humanitaria no estranxeiro, poderán falar gratis cos seus familiares grazas a esta Campaña.

Fundación Telefónica alenta esta iniciativa, por decimoséxto ano consecutivamente, en colaboración coa Coordinadora de ONG para o Desenvolvemento, o Instituto Español de Misiões Estranxeiras (IEME), Obras Misionais

Pontificas e a Comisión Episcopal de Misiões, coa colaboración de Atento e do Servizo 1408 de Comunicacións Internacionais de Movistar.

Os familiares que desexen beneficiarse desta campaña deberán chamar ao teléfono gratuito 900 123 500 polo menos 24 horas antes do día que elixan e facilitar os datos de cada misioneiro e a localidade da misión.

100 MIL NENOS REPARTIRÁN ESTRELAS POLO NADAL

Uns 100.000 nenos saíran ás rúas de moitas cidades españolas para se converter en “sementadores de estrelas” e repartir pegatinas coa forma do astro con motivo do Nadal e da celebración o próximo 22 de xaneiro do Día da Infancia Misioneira.

A xornada misioneira celébrase este ano baixo o lema “Cos nenos de América... falamos de Xesús” e céntrase no continente americano pola proximidade dos nenos deste continente aos do noso país como efecto da emigración. En España a Xornada da Infancia Misioneira celébrase o cuarto domingo de xaneiro pero a preparación comeza co Advento Misioneiro e a presenza dos nenos como sementadores de estrelas antes do Nadal e desenvólvese ao longo do curso.

O obxectivo é recordar a outros nenos que viven en territorios de misión e enviarlles os donativos das familias españolas. Obras Misionais Pontificas recorda que o 60 por cen dos nenos do mundo sofren algún tipo de miseria: son vítimas da fame, a violencia e a enfermidade; son explotados en traballos impropios ou no mundo da prostitución; e “moitos deles aínda viven sen saber que son fillos de Deus”.

FAMILIAS CATÓLICAS, CARA MILÁN 2012



Está nas librerías italianas dende o 2 de decembro, o primeiro volume de “En familia, Instrumentos interactivos para as Catequesas do VII Encontro Mundial das familias”, texto realizado pola Fundación Milán Familias 2012. O material é unha profundización das dez catequesas preparatorias ao VII Encontro Mundial das Familias 2012, que se celebrará en Milán do 30 de maio ao 3 de xuño.

Este volume recolle: “O segredo de Nazareth”, “A Familia xenera a vida”, “A Familia vive a proba” e “A Familia anima a sociedade”. A publicación, que conserva integramente as catequesas oficiais do Encontro, se propón tamén como “caixa de ferramentas”, coa que apoiar, enriquecer, personalizar os dez capítulos sobre os temas do encontro.

Con motivo da Xornada da Familia que ha de celebrarse en España o próximo 30 de decembro de 2011, os bispos españois publicaron unha nota sobre o evento, co título “Familia crista, arraigada en Cristo”, como unha secuela do encontro xuvenil de Madrid en torno ao papa, este verano. Os bispos citan tamén na súa nota o próximo encontro mundial das familias en Milán.

CADA HORA DESAPARECEN 11 NENOS NA INDIA PARA SER VENDIDOS COMO ESCRAVOS

Na India cada hora desaparecen 11 nenos, vítimas da trata de seres humanos, moi extendida no país. Segundo un informe presentado en Nueva Delhi pola ONG Bachpan Bachao Andolan baseado nas denuncias presentadas

por país de familia de 2008 a 2010, 117.480 nenos desapareceron, a meirande parte nas grandes cidades de Mumbai, Calcuta e Nueva Delhi, onde son vendidos ás familias ricas como escravos domésticos, industriais e escravos sexuais, ou para organizacións que manexan a mendicidade. Como xa informaron outros grupos que se ocupan da defensa dos dereitos humanos, o aumento do benestar económico da cidade favoreceu a proliferación dalgúns males sociais, entre eles a demanda de “pequenos escravos” para o traballo doméstico. O fenómeno é particularmente grave na capital india, onde en 2010 desapareceron 1.442 nenos. A ONG tamén se dedica á liberación dos niños traballadores explotados en traballos artesanais en Nueva Delhi.



Sinxelo Nadal

Anxo Arriví Diéguez. Cáritas Española

A proposta coa que Cáritas convidanos a vivir este ano o Nadal “*Vivir sinxelamente para que outros, sinxelamente, poidan vivir*” - no deixa de ser, dende unha visión xenunamente cristián deste tempo litúrxico, unha redundancia. Pois, ¿hai outro xeito de celebrar o Nadal que non sexa embebéndose da sinxeleza do nacemento dun neno entre pallas?

O tempo actual reclama una chamada nesa dirección, cando as circunstancias de crises e de sufrimento medran de día en día para tantos semellantes: só en España hai máis de medio millón de familias que non teñen ningún tipo de ingresos económicos, e outro millón e medio de fogares nos que todos os seus membros activos están sen emprego.

A proposta de vivir sinxelamente supón refacer entre nós un Nadal auténtico no que se nos revela, a través da imaxe dun Neno quentado polo alento dun boi e dunha mula, a ocasión de poñer en cuestión o modelo de vida que se ten instalado ó noso redor. E que contrasta de xeito case obscuro coa verdadeira espida dun Deus que, como tantas vítimas da crise presente, non tivo sitio na pousada e so podo atopar acomodo na pobreza dun cortello.

Por iso, a sinxeleza que se nos propón sexa, en realidade, unha cita para que cada quén se interroge sobre a autenticidade das súas eleccións cotiás como cidadán, sobre o xeito en que estamos contribuindo, con un estilo de consumo orientado á acumulación de cousas - moitas delas prescindibles - que no fan senón sostener un modelo social e unha fórmula de desenvolvemento no que o ser humano xa non está no centro. De feito, a crise económica actual o que amosa é que a medida que a persoa

ten deixado de ser o centró do sistema, o eixo do seu funcionamento vaíse desprazando cada vez máis deica os imperativos dun consumo que nos vai devorando sen misericordia algunha.

Cáritas chámamos a recuperar a sinxeleza nos nosos xeitos de vida, a un exercicio de reflexión sobre cáles son as auténticas prioridades nun momento socioeconómico no que a máxima urxencia pasa por asumir novos modelos de economía, a artellar unha proposta individual de acción para promover xestos e acenos dirixidos a vivir dun xeito distinto. En definitiva, máis pendentes de vivir a autenticidade de ser que a artificiosidade de ter.

Vivir o Decálogo da Sinxeleza

Para apoiar a reflexión sobre o verdadeiro significado de esa chamada a “vivir a sinxeleza”, Cáritas convócanos a cambiar os nosos estilos de vida á luz deste Decálogo da Sinxeleza:

1. Vivir a sinxeleza supón non necesitar ter moitas cousas para ser feliz, evitando caer no consumismo e nas modas que nos obrigan a comprar o novo, o último.
2. Vivir a sinxeleza é ter máis lelicia no feito de dar ou de compartir, que no de recibir, porque tés descuberto o poder misterioso que ten a palabra gratuidade.
3. Vivir a sinxeleza significa baleiar o corazón de todas as cousas innecesarias para enchecho do tesouro da amizade, da proximidade e do encontro humano cós outros.
4. Vivir a sinxeleza é coidar que a túa valía e dignidade está no que es como persoa e non no que tés ou na posición social que ocupas.



5. Vivir a sinxeleza é activar a túa solidariedade con tantos irmáns da túa familia humana que viven inxustamente na pobreza e na necesidade, e implicarte porque sentes que non queres vivir mellor ca eles.
6. Vivir a sinxeleza pasa por poñer a túa confianza e seguridade, non no diñeiro ou nas posesións, senón nos teus bens espirituais, nas túas conviccións, na túa fe, nas túas capacidades, na túa forza

- interior y na de aqueles que te queren.
7. Vivir a sinxeleza é traballar para vivir e non vivir para traballar.
8. Vivir a sinxeleza significa disfrutar dos innumerables agasallos que a vida, a Natureza, che ofrecen de cotío, e que pasan desapercibidos para a maioría da xente.
9. Vivir a sinxeleza é respectar e coidar da Natureza coa túa forma de vivir, re-

- ciclando e reduciendo o consumo innecesario.
10. Vivir a sinxeleza supón empregar o teu diñeiro para que ti e a túa familia podades vivir con dignidade, e para que os demais tamén poidan vivir con dignidade se o invistes en banca ética e se te adoitas a esixir produtos que proveñan do comercio xusto e do comercio local.

El panorama ecuménico de la Iglesia católica. Signos de esperanza

Benito Méndez. Delegado de Ecumenismo

Un año más la celebración de la Semana de Oración por la Unidad de los Cristianos nos ofrece la ocasión de repensar la vocación ecuménica de la Iglesia Católica, que constituye una de las grandes novedades del Concilio Vaticano II. Ciertamente tenemos que constatar que, a pesar de que la práctica totalidad de las diócesis españolas tienen las Delegaciones correspondientes, ha calado poco el problema ecuménico en el pueblo de Dios, a comenzar por sacerdotes y religiosos. Muchas podrían ser las razones y en este corto espacio no las podemos analizar. Sin embargo, ello no nos ha de hacer sentirnos ajenos al compromiso ecuménico de la Iglesia Universal, que, en palabras de Juan Pablo II, y que Benedicto XVI ha hecho propias, es una tarea imprescindible e irreversible en nuestro momento histórico (*Ut unum sint* 3). La prueba la tenemos en el reciente viaje a Alemania, donde ha dedicado su atención a la figura de

Martin Lutero, aunque no llevara consigo una rehabilitación, puesto que las diferencias eclesiológicas son todavía demasiado profundas entre la Iglesia Católica y las comunidades procedentes de la Reforma del siglo XVI. Basta una lectura atenta de la Declaración *Dominus Iesus* de la Sagrada Congregación para la Doctrina de la Fe del año 2000 o la Encíclica citada (1995) para darse cuenta de ello. El panorama ecuménico se aclara aun más en las relaciones con las Iglesias Ortodoxas, una vez que se ha vuelto a desarrollar el diálogo ecuménico interrumpido hace unos años por la cuestión del ‘uniatismo’ entre otras. En el año 2007, con ocasión de la reunión de Rávena, se pudo afirmar por ambas partes cómo la concepción sacramental de la Iglesia constituye un marco de unidad imprescindible para las dos. Sólo queda por examinar en profundidad la cuestión del ejercicio del Prima-

do de Pedro, que nunca fue negado por los Ortodoxos. En este contexto se entienden también los pasos que se están dando para realizar una visita del Papa a Moscú, viaje tan deseado por Juan Pablo II, que no pudo realizar por las discrepancias con el recientemente fallecido Patriarca Alexii II sobre el establecimiento de diócesis católicas en Rusia en el año 2002. Estos hechos demuestran que el ecumenismo sigue vivo. Pero el esfuerzo ecuménico también se debe realizar *ad intra*, es decir, llevando a la conciencia del pueblo de Dios la necesidad del ecumenismo, que es una nueva forma de vivir nuestra propia identidad católica. Como recordó el Papa Benedicto XVI en su homilía ante el Colegio de Cardenales, el 20 de abril de 2005, lo primero es una actitud de conversión interior que permita abrir el corazón a los deseos de Cristo de que todos sean uno (Jn 17,21). Es el ecumenismo

espiritual, una de las grandes preocupaciones del anterior Presidente del Pontificio Consejo para la Unidad de los Cristianos, el Cardenal Walter Kasper. Se hacía eco de las afirmaciones inolvidables del Concilio. En el Decreto *Unitatis Redintegratio* abrió la puerta ecuménica para la Iglesia Católica. Vale la pena recordar lo afirmado allí: el movimiento ecuménico está impulsado por el Espíritu Santo (UR 1.4). Lejos de constituir un paso hacia el relativismo eclesiológico –como temen los “profetas de calamidades”- el Decreto de Ecumenismo establece los principios católicos que se han de mantener (UR 2-4). Solamente enunciamos el principio de ellos (LG 8; 15; UR 3. 14ss): la Iglesia Católica se entiende a sí misma como la verdadera Iglesia, es decir la forma concreta mediante la cual la Iglesia de Cristo encuentra su ser visible e histórico (“subsistit”). La Iglesia de Cristo no es una realidad meramente invisible sino que, siguiendo la ley im-





A FONDO

dumio

Os nosos beléns

Arte, tradición e innovación



Belén de FERROL Orde Terceira Franciscana

O Belén da Orde Terceira Franciscana, que desde a década dos 40 realiza o artista ferrolán Alfredo Martín Lorenzo, continúa acaparando a atención dos medios de comunicación que o catalogan como un dos mellores, no seu estilo. Esta obra é unha representación animada do nacemento de Cristo, pero tal e como o matiza o seu autor, non é un belén electrónico nin mecánico, senón que todo é realizado a man: tanto a construción de todas as tallas como a animación.

Ten a singularidade de que os personaxes móvense a vontade de quen os manexa, mediante un mecanismo semellante ao das marionetas.

- Lugar: o belén atópase situado en Ferrol Vello, R/ Espartero, 13-15 Capela da V.O.T.
- Horarios: laborables: de 17 a 21 h.; domingos e festivos: de 12 a 14 h.; de 17 a 21 h.
- Responsable: Alfredo Martín Lorenzo.
- Teléfonos de contacto: 981 35 83 67 / 981 35 36 55/ 605 619 357.

Cando visitamos a Terra Santa, e concretamente a cidade de Belén, quedamos impresionados por aquela Basílica da Natividade en que se mostra o lugar onde, segundo a vella tradición, naceu Xesús.

Alí figura a inscrición alusiva *“hic Verbum caro factum est”* (*“aquí a Palavra fíxose carne”*).

Alí nos queda o recordo daquela manxadoira na que María deitou a Xesús *“porque na pousada non había lugar para eles”*.

San Francisco de Asís tivo a feliz iniciativa de inventar os nosos beléns, que se multiplican nestas datas por toda a nosa xeografía diocesana. Velaquí unha mostra dos máis salientables.

PANXOLIÑA

“Campaniñas de Viveiro”

Autoras: as Catequistas de San Francisco
Música do “rodaballo”



Campaniñas de Viveiro repican con alegría (bis).
San Francisco, Valdeflores, uiaiai, uiaiai.
San Roque e Santa María.
San Roque e Santa María.
San Francisco, Valdeflores.

XA NACEU O NENIÑO NO PORTAL DE BELÉN.
IMOS TODOS A VELO: AI QUE BEN! (bis).

San Xosé estaba moi triste por non atopar pousada (bis).
Pero axiña dixo a Virxe: uiaiai, uiaiai.
Ímonos para Betania.
Pero axiña dixo a Virxe.
Ímonos para Betania.

XA NACEU O NENIÑO...
Unha noite de xeadas.
Carai! que frío facía (bis).
Eu tráiole uns patucos, uiaiai, uiaiai.
Fixollos a miña madriña.
Ela traílle uns patucos, fixollos a súa madriña.

XA NACEU O NENIÑO...
Os pastores desta vila todos imos adorar (bis).
A ese Neno tan fermoso, uiaiai, uiaiai: que é o Rei da humanidá.
A ese Neno tan fermoso que é o Rei da humanidá.

XA NACEU O NENIÑO...
Tocade gaita e pandeiro que xa dixo San Xosé (bis).
Aí veñen os de Viveiro, uiaiai, uiaiai.
Que festa imos facer.
Aí veñen os de Viveiro e ven o cura tamén.

XA NACEU O NENIÑO...



Belén de ORTIGUEIRA

O belén consta de tres rompementos iluminados e unhas corenta figuras, entre as que compoñen un campesiño que leva unha gaita e vai a cabalo dun burro, tamén hai unhas vacas do país, pertencentes a un antigo nacemento de Santa Marta.

Ou seu meirande valor artístico está nos telóns, a xeito dun escenario en tres actos.

Foron feitos non ano 1924 en Cima de Vila (Santiago) por Camilo Díaz Balaño, o pai de Isaac Díaz Pardo, persoero vencellado ao movemento galeguista e artista notable que xunto ás pinturas deixou uns planos e unhas notas orientativas para a súa montaxe.

Non 2004 someteuse a unha primeira fase de restauración, por parte dos especialistas Branca Besteiro, Luís Diéguez e Jacobo Castro, na que se recuperou a base da montaxe e se pintaron todas as figuras, construídas en cartón-pedra.

- Lugar: igrexa parroquial de Sta. Marta de Ortigueira.
- Horarios: unha antes da celebración das misas dos días laborables e festivos.
- Responsable: José Buide Rodríguez, párroco.
- Contacto: 981 40 00 87

Tem hillatatem soluptatiae conse nis dem quaturo illecepta sa auta vent, tet eum volendio int exist por sandam evenditita consecat.

Picto maximoluptat odi omnime nus, cus quam quam, si odi ad maximinte



Belén de BEGONTE

O primeiro Belén nace en decembro de 1972. O seu fundador, Xosé Domínguez Guizán, relatábao así: “tivemos coñecemento de que na Coruña, no Centro de Formación Profesional Acelerada de Somo, confeccionaban un belén orixinal, movido electricamente, e aló fomos Varela e máis eu a velo e tentar facer algo semellante”.

Trátase dun belén que ten vida propia, no que as figuras están animadas electrónicamente e, conxuntamente, conforman unha escena de Belén inculturado en Galicia, onde aparecen labregos, pastores, carpinteiros e pescadores.

Desde hai uns anos, nunha saá inmediata ao belén está montado o “Museo do Belén”, onde se van incorporando edificios, figuras e conxuntos animados que cada ano van sendo renovados.

- Lugar: Centro Cultural Domínguez Guizán, Begonte.
- Horario: laborables: 15 a 19 h.; festivos: 11 a 14 h. e 15 a 20 h.
- Responsable: Jesús Domínguez Guizán, párroco.
- Para visita de grupos, avisar previamente ao teléfono 982 39 61 21.

www.belendebegonte.es



Belén de AS SOMOZAS

As súas orixes datan do ano 1995. Está ubicado no interior do templo parroquial e cada ano vai incorporando novas figuras e novos decorados. O belén é totalmente mecánico e artesanal.

Está confeccionado por Ricardo e Xosé Manuel Ramírez, e Andrés Tenreiro; conta tamén cun nutrido grupo colaboradores da parroquia.

- Lugar: igrexa parroquial de Santiago Seré de As Somozas.
- Horarios: domingos e festivos: 11:30 a 12:30 h.; 16:30 a 19:30 h; sábados: 10 a 14 h.; 16:30 a 19:30 h.
- Responsable: Unidade Pastoral As Pontes-As Somozas.
- Contacto: 686 524 155 / 981 40 41 24.

Tamén se poderían mostrar outros beléns na nosa Diocese, como os de Ribadeo (Parroquia, V.O.T., Clarisas...), Viveiro (Santa María, San Francisco, V.O.T., Concepcionistas, Valdeflores e Betania), Parroquia de Cariño, Vilalba, Narón (Santiago Apóstolo), etc...

Hai quen o fai centrándose só no Nacemento de Xesús, salientando o dato evanxélico da “cova” e o “pesebre”, como o da Parroquia de San Antón da Cabana (Ferrol).

Entre os nacementos máis recentes é necesario salientar o “Misterio” que este ano puxo a Asociación Veciños da parro-



Belén de A RIGUEIRA (Xove)

Xa fai 24 anos que comezou este belén de A Rigueira. Un grupo de persoas da parroquia, estipulados polos distintos párrocos que foron pasando pola feligresía, progresivamente trataron de ampliar, ambientar e repoñer as figuras do Misterio.

Hoxe en día conta como soporte cunha parte mecanizada e electrificada para darlle as figuras o seu movemento.

Deste xeito a igrexa da Rigueira engádelle ao reclamo tradicional da romaría de San Antonio Venturoso, este belén único na zona.

- Lugar: igrexa parroquial de San Miguel da Rigueira.
- Horarios: sábados, domingos e festivos: 10 a 13 h.; laborables de 16 a 19 h.
- Responsable: Cándido Otero López, párroco.
- Contacto: 627 912 401 / 647 224 463.



Belén de O VICEDO

No ano 2004 un grupo de persoas que participaban asiduamente nas actividades parroquiais, xuntamente co seu cura Xosé Román Escourido Basanta, iniciaron a montaxe do belén na igrexa parroquial de Santo Estevo do Val do Vicedo.

O obxectivo era crear un espazo, onde por medio de figuras, recrear a historia do nacemento de Xesús. Intentouse reproducilo tendo en conta a paisaxe e ou ambiente daquel tempo, cunha mensaxe sonora a xeito de catequese explicativa.

A maioría das figuras son mecanizadas, deste xeito inténtase dar vida a un pobo que ten a experiencia sinxela de vivir este acontecemento da salvación.

Desde fai dous anos organizase un pregón con interpretación de panxoliñas no día da inauguración.

- Lugar: igrexa parroquial de Sto. Estevo do Vicedo
- Horarios: domingos e festivos: 11 a 13 h.; de 16,30 a 19,30 h; sábados e vésperas de festivos: tardes de 16,30 a 19,30 h.
- Responsable: Javier Rodríguez Couce, párroco.
- Contacto: 627 750 045 / 653 441 665.

www.belenvicedo.wordpress.com

quia vilalbesa de Santiago de Sancovade no adro da capela de Nosa Señora de Guadalupe.

Non faltan tampouco representacións do Nadal dos nenos das catequese parroquiais. E mesmo os festivais de Nadal que organizan moitas parroquias e colexios.

Poucos concellos, que saibamos, poñen algún símbolo relixioso do Nadal nas súas rúas e prazas. O de Xove, desde fai uns anos, expón na praza anexa ao Concello un gran belén con figuras de talla humana. Noraboa!

O noso patrimonio cultural (III)

Félix Villares Mouteira

4.5. O Patrimonio arqueolóxico

O patrimonio arqueolóxico fórmanos aqueles sitios que conteñen restos da actividade humana no pasado. Tamén forman parte deste patrimonio os elementos xeolóxicos e paleontolóxicos relacionados coa historia humana, as súas orixes, os seus antecedentes e o desenvolvemento sobre o medio.

Así, forman parte deste patrimonio arqueolóxico as mámoas, os dolmens ou castros, os petróglifos, as pontes e vías romanas, as murallas... Tamén entran no patrimonio arqueolóxico aqueles lugares que só se detectan con excavacións como poden ser o poboados e campamentos prehistóricos, certos tipos de enterramento e xacementos da época romana ou medieval.

4.6. O Patrimonio industrial

O Patrimonio industrial está formado polos restos físicos do pasado tecnolóxico, produtivo e industrial. Forman parte do patrimonio industrial as pontes históricas -metálicas ou de pedra-, os peiraos antigos, as vellos fábricas de



salgado e de conservas de peixe, as de curtido de peles, as fábricas de cerámica, as vellos centrais eléctricas...

4.7. O Patrimonio documental

O patrimonio documental está constituído por todos os documentos producidos ou acumulados polas persoas físicas ou xurídicas, públicas ou priva-

das, no exercicio das súas funcións e das súas actividades; os documentos cunha antigüidade superior ós corenta anos xerados polas entidades e institucións de carácter público, sindical, relixioso, cultural e os documentos de máis de cen anos.

Os arquivos son os lugares onde se re-

únen, conservan, ordenan e difunden todos estes documentos ó servizo da súa utilización e consulta.

4.8. Os museos

Os museos, segundo di a Lei do Patrimonio Cultural de Galicia no artigo 67, 1, son:

"institucións de carácter permanente, abertas ó público e sen finalidade de lucro, orientadas á promoción e ó desenvolvemento cultural da comunidade en xeral, por medio da recollida, adquisición, inventario, catalogación, conservación, investigación, difusión e exhibición, de xeito científico, estético e didáctico, de conxuntos e coleccións de bens patrimoniais de carácter cultural que constitúen testemuños das actividades do ser humano ou do seu contorno natural, con fins de estudo, educación, gozo e promoción científica e cultural".

Son, pois, funcións dos museos:

a. A conservación, a catalogación, a restauración e exhibición das coleccións.



dumio

CULTURA



dumio

DIOCESE

Nuestras Contemplativas

Convento de las Concepcionistas Franciscanas de Viveiro

Francisco Xavier Martínez Prieto



En la actualidad cuenta con una comunidad de quince religiosas que acaban de celebrar con alegría el V Centenario de la Aprobación de la Regla de la Orden. En el presente curso el Cardenal emérito de Sevilla Monseñor Carlos Amigo Vallejo O.F.M., las ha acompañado en una conferencia sobre la vida religiosa en la que participaron las gentes del pueblo de Viveiro que se acercan a la

comunidad con frecuencia para compartir la oración, la celebración y actos musicales, culturales o de conmemoración de eventos como los que hace pocos años tuvieron lugar con motivo del IV Centenario de la creación del Convento.

La vida comienza en la comunidad a las 6:30 de la mañana, con Eucaristía en la que podemos participar a las 10:00 horas. Se expone el Santísimo

para la oración y podemos acercarnos para orar de modo especial los domingos, los miécoles y viernes. La comunidad quiere hacer participe de su oración a todos, por lo que los miécoles a las 18:30 se invita a todos a la oración de vísperas.

En un tiempo se realizaron trabajos de repostería de mucha calidad y se comercializaban en un local contiguo al convento, asimismo existió un colegio mixto en el que llegó a escolarizarse a doscientos niños. Este colegio fue compatible con la vida de clausura gracias a la aprobación de esta posibilidad por parte del Papa Pío XII y se abandonó en 1970 porque las disposiciones del Concilio Vaticano II hacían optar entre la clausura y el colegio. En aquel momento el Convento llegó a contar con más de 35 Madres Concepcionistas.

En la actualidad la comunidad se siente parte de la vida de la diócesis y de su trabajo pastoral acompañándola desde la oración, siempre con la acogida de sus puertas abiertas a cualquier actividad e iniciativa diocesana, y en especial es una comunidad preocupada y orante por las cuestiones del Congreso de Laicos que se está preparando en estos momentos en nuestra diócesis mindoniense.

La posibilidad de tener cerca al Monasterio de las Madres Dominicas de Valdefflores ha sido un don en los últimos años en los que de modo especial ambas comunidades se han sentido unidas y trabajado encuentros de convivencia y de fraternidad.

labor que prestou no CAMF de Ferrol (Centro de Atención a Persoas con Discapacidade Física) desde a súa apertura ata os nosos días. Despois dunha Eucaristía, folle entregada a Manuel Ladrá López unha placa conmemorativa e leuse un recoñecemento ó seu labor. Tamén lle foron entregados por parte dos residentes no centro varios obsequios dos traballos que eles mesmos fan. Rematou o acto cunhas palabras de recoñecemento do director do CAMF.

NOVO NÚMERO DE "AMENCER"

O Seminario Santa Catarina de Mondoñedo e a Asociación Cultural Amigos de "Amencer" veñen de publicar o número 215 da revista escolar Amencer. Este número, que corresponde ós meses de novembro-decembro, é o derradeiro deste ano 2011. Está dedicado na súa maior parte, non podía ser doutro xeito, ó Nadal. Así, na sección "A carón do lume", aparecen un verso de Nadal, un romance e unha lenda, recollidos en Mondoñedo e Vilalba. Na sección "Follas novas", aparecen poemas e relatos dos alumnos sobre o Nadal. En "O Nadal e os nosos escritores" aparecen diversos poemas inéditos de varios autores. A sección "Chispa" tamén está dedicada ó Nadal. Pero, como o día vinte e tres de decembro se cumpren os cen anos do nacemento de Alvaro Cunqueiro, na sección "Falamos con..." uns alumnos de segundo de ESO manteñen unha conversa con Remedios Ledo Vizoso, filla do Pallarego (Manuel Ledo Bermúdez, mecenas de Cunqueiro, Aquilino Iglesia Alvariño, Traperó Pardo...), que tratou e coñeceu ó escritor mindoniense, quen compuxo para ela, cando era nena, uns versos para recitar o Día de Reis. Algúns destes versos reproducense neste número de Amencer.

RECOÑECIMENTO ÓS DELEGADOS DE ENSINO

O pasado día dezaseis, a Delegación Diocesana de Ensino tributou unha homenaxe ós ex-delegados de Ensino da Diocese, os que, a través de diferentes etapas, xogaron un papel fundamental na formación e orientación dos mestres e profesores de relixión na nosa Diocese. A homenaxe tivo lugar no Parador de Turismo de Ferrol e asistiu o Bispo da Diocese, don Manuel Sánchez Monge. Foron homenaxeados: Marisa Castro que foi Delegada Episcopal de Ensino Primario durante dezaocho anos; José Antonio Ladrá López, párroco de Santa Lcía de Trasancos, viu recoñecido o seu



dumio

Faragullas

Félix Villares Mouteira

EXPOSICIÓN EN SAN SADURNIÑO

A Casa da Cultura de San Sadurniño está a acoller, desde o día un ata o día treinta de decembro, unha Exposición sobre a Historia do Convento do Rosario. Pode visitarse de luns a venres co seguinte horario: de dez a catorce horas e de quinze trinta a vinte trinta. Está organizada pola parroquia de Santa María a Maior e o Concello de San Sadurniño. O autor desta exposición é o párroco Xavier Martínez Prieto. A entrada é gratuita. Con esta Exposición preténdese un achegamento á historia e ó patrimonio local: as orixes, a época templaria, o Convento do Rosario, a Duquesa da Conquista, o nacemento das escolas...

MONTESINOS: 500 ANOS

O pasado domingo, IV de Advento, celebrouse no Mosteiro de Valdefflores unha efeméride que pasou case desapercibida. Concretamente o 21 deste mes de decembro fixo 500 anos do famoso sermón do frade dominico Antón de Montesinos, que denunciaba os abusos cometidos por parte dos

AULA ABERTA

Como xa vén sendo tradicional o Arcepiscopado de Ferrol organiza un ciclo de conferencias que vai ter lugar no Salón de actos da Fundación Novacaixagalicia de Ferrol. Todas as conferencias comezarán ás oito da tarde e a entrada vai ser libre. O programa é o seguinte: o dezaite de xaneiro o profesor José Ramón Amor Pan falará sobre "Lectura cristiá da crise" e o vinte e cinco disertará sobre o tema "Neuroética". O un de febreiro, o bispo da Diocese, Monseñor Sánchez Monge, terá un relatorio sobre "Cinuenta anos de eclesiología do Concilio Vaticano II". O oito de febreiro haberá unha nova conferencia sobre "Cuestións teolóxicas abertas". Pechará o ciclo María José Fernández Carrera quen falará sobre "Unha laica comprometida na Igrexa".

HOMENAXE A DOUS SACERDOTES

Dous sacerdotes da nosa Diocese veñen de recibir senllas homenaxes pola súa traxectoria. Así, Manuel Ladrá López, párroco de Santa Lcía de Trasancos, viu recoñecido o seu

Arthur Christmas: Operación regalo

(USA-REINO UNIDO, 2011)

Dirección: Sarah Smith
Doblaje: James McAvoy, Hugh Laurie, Jim Broadbent, Imelda Stauton, Ashley Jensen.
Duración: 97 minutos

Trátase dunha película baixo a técnica de animación por ordenador 3D; un film navideño para toda a familia, divertido, inxenioso e tenro.

A historia é en Noiteboa, na base central de Santa Claus no Polo Norte. Lévasse adiante a operación regalo: misión de repartir regalos a tódolos nenos do mundo nunha soa noite. Todo vai ben, pero por accidente, un paquete destinado a unha nena queda nas instalacións polares. Arthur, o fillo pequeno de Santa é o único consciente disto, e por iso, xunto ó seu avó e ó elfo Byroney emprende a aventura de levarlle o xoguete e ilusión a esa nena.

É un film de moita imaxinación, humor moi bo para toda a familia, cunha boa dose de humanidade nas personaxes, especialmente do protagonista. Tipicamente deste tempo de Nadal, a ilusión e a fantasía infantil adquieren unha relevancia especial, así como a necesidade de preservala.

Arthur Christmas: Operación regalo, é, sen dúbida, unha moi boa opción para o entretenemento familiar ó logo destas festas, e unha moi boa ocasión para disfrutar toda a familia xunta, que non sempre é fácil.



Por sus frutos los conoceréis. Historia de la caridad en la Iglesia

Juan Mª Laboa
Editorial San Pablo, Madrid 2011

A caridad eco próximo es un dos pilares sobre os que descansa o cristianismo. Esta frase pode servir de fio condutor e resumo para este libro, no que o autor fai un percorrido por tódalas obras de xenerosidade que realizaron os cristiáns nos dous milenios de existencia.

Partindo dun criterio cronolóxico, vai presentando os diversos problemas e personaxes, nomes e actividades, realizadas polos cristiáns para tapa-las necesidades dos seus irmáns, algunhas, moitas, novidosas, arriscadas e contracorrente, pero sempre manifestando a caridade que vén de Cristo.

Sinala, dun xeito especial, nomes concretos de figuras claves na historia da Igrexa: Martiño de Tours, Francisco de Asis, Vicente de Paúl, Pascal, Helder Cámara, Óscar Romero, Teresa de Calcuta,... pero xunto a estes, aparecen tamén, asociacións, congregacións relixiosas nas que estiveron numerosas persoas, algunhas descoñecidas, que seguiron a Cristo ata o "heroísmo".

O autor é consciente de que hai momentos na historia de nosa Igrexa cheos de crueldade e ambicións; pero a carón disto, tamén houbo xestos ben fermosos a favor dos máis desfavorecidos.



El amor lo arregla todo

CD. Migueli
Canciones para niños cantadas por los niños.

Nacido dun encargo da Editorial Santillana, como apoio ós libros de relixión de primaria, sae de novo á luz sen afán comercial, baixo a fórmula do prezo libre (o prezo poñelo ti) a favor da Asociación Avivart, dedicada, desde a arte, á axuda a nenos e xoves en exclusión.

Como conséguelo? Mandando un mail a disco@avivart.org, e tendo en conta que se trata dunha edición limitada.

Pode ser un bo regalo, bonito e solidario, para este Nadal, pensando nos máis pequenos, e vivindo o Nadal dun xeito alternativo.



PUBLICACIÓN MENSUAL DE DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL

Editores
La Voz de Galicia
Servicio Diocesano de Comunicación
Director
Antonio Rodríguez Basanta

Redacción
Ana M. Barro,
Ramón Loureiro,
Javier Martínez, Concha Quintela,
Antonio Valín, Félix Villares.

Enderezo Postal
Apdo. 176 - 15480 Ferrol (A Coruña)
Enderezo electrónico
dumio@mondonedoferrol.org

Dumio na WEB
www.mondonedoferrol.org
www.lavozdeg Galicia.es
Deseño e Impresión
La Voz de Galicia

Galicia

C. Quintela



DIOCESES



DIOCESES DE SANTIAGO E OURENSE

D. Leonardo Lemos Montanet - Cónego da Catedral de Santiago - novo Bispo de Ourense.

A Nunciatura Apostólica en España comunica á Conferencia Episcopal Española que ás 12,00 horas do venres 16 de decembro, a Santa Sé fixo público que o Papa Benedicto XVI nomeou Bispo da diocese de Ourense ao sacerdote José Leonardo Lemos Montanet, na actualidade Cónego Secretario da Catedral de Santiago de Compostela e Director de Estudos do Seminario Menor diocesano.

A diocese de Ourense atopábase vacante desde o traslado de Mons. D. Luís Quinteiro Fiuza á sede de Tui-Vigo, da que tomou posesión o 24 de abril de 2010. Desde entón estivo á fronte da diocese como Administrador Apostólico.

José Leonardo Lemos Montanet naceu en Barallobre (A Coruña),

Arquidiocese de Santiago de Compostela, o 31 de maio de 1953. Cursou estudos no Seminario Maior de Santiago de Compostela e é Licenciado en Estudos Eclesiásticos pola Universidade Pontificia de Salamanca (1978). Foi ordenado sacerdote o 19 de maio de 1979.

Tamén é Licenciado en Filosofía Teórica pola Universidade Gregoriana de Roma (1984); Diplomado en Arqueoloxía Sacra polo Pontificio Instituto de Arqueoloxía de Roma (1984) e en Archivística (1985) e Biblioteconomía (1985) nas respectivas Escolas Vaticanas. Ademais, en 1987, obtivo o Doutoramento en Filosofía pola Universidade Pontificia de Santo Tomás de Aquino (Angelicum) de Roma.

Nas súas primeiras declaracións dirixiuse "aos sacerdotes anciáns e enfermos", a quen confiou o seu ministerio episcopal ás súas "oracións e dores" e destacou a súa "importancia", ademais da os seminaristas, "o futuro da Igrexa Diocesana". Asemade, trasladou o seu "afecto" a "todos os fieis laicos" e "de maneira especial" aos que viven a súa "vocación no matrimonio".

DIOCESE DE LUGO

Jesús Santiago Vázquez presenta no Seminario a súa tese doutoral.

O sacerdote lucense Jesús Manuel Santiago Vázquez presentou o día 14 de decembro a súa tese doutoral no salón de actos do Seminario de Lugo, sobre "A teoloxía litúrxica de Tertuliano. Continuidade e conflito coa tradición precedente". O bispo, Mons. Alfonso Carrasco presidiu o acto académico.



Reunión dos responsables de comunicación dos bispados galegos

O Bispo de Lugo, Mons. Alfonso Carrasco Rouco reuniuse o pasado 15 de decembro cos responsables de comunicación dos bispados galegos. Durante o transcurso da reunión trátáronse diversos temas relativos ás actividades informativas que cada un leva a cabo na súa diocese, intercambiáronse experiencias e expuxéronse iniciativas de traballo en común de cara á divulgación da realidade da Igrexa en Galicia en todos os seus ámbitos de acción.

Presentación dun libro na tenda solidaria de Cáritas

O pasado 13 de decembro, Ginés Praza, director de Cáritas Diocesana de Lugo, presentou na tenda solidaria que Cáritas ten no centro comercial "As Termas", o libro "Lenda da muralla de Lugo", escrito por Pilar Chamas. Interveu tamén no acto Branca García Montenegro, presidenta do Grupo O Progreso. A autora cedeu do dereitos autor a favor de Cáritas e os beneficios da venda, do mesmo xeito que os de todos os artigos da tenda irán destinados aos máis desfavorecidos da sociedade lucense

Conferencias de Liño Emilio Díez e de Juan M^a Canals Casas

O venres, día 2 de decembro, o salón de actos da Deputación Provincial acolleu polas tardes dúas conferencias a cargo de Liño Emilio Díez Valladares a primeira e de Juan M^a. Canals Casas a segunda.

O profesor do Liño Emilio Díez Valladares abordou o tema do culto eucarístico fóra da Misa desde unha perspectiva histórica. O Director do Secretariado de liturxia da Conferencia Episcopal Española, Juan M^a Canals Casas, foi o encargado de pechar a xornada cunha exposición sobre o papel que os Congresos Eucarísticos tiveron na formación cristiá e no Maxisterio da Igrexa. Finalizou a súa intervención presentando o Congreso Eucarístico Internacional que se celebrará en Dublín o próximo verán.

Exposición "HOC HIC MYSTERIUM". O esplendor dá presenza.

O sábado 3 de decembro, inaugurouse a Exposición "HOC HIC MYSTERIUM. O esplendor dá Presenza", que está situada na capela do Pilar da catedral de Lugo. A mostra convida a unha viaxe a través dun conxunto de obras artísticas ao servizo do culto ao Santísimo Sacramento que por tradición inmemorial exponse permanentemente na catedral lucense. Trátase dunha oportunidade única para poder observar esta obra de especial importancia a unha altura que permita examinar pormenorizadamente os detalles desta peza de incalculable valor artístico. Esta exposición culmina as actividades programadas polo I Encontro Eucarístico Lucense que se celebrou na nosa cidade desde o día 1 de decembro.

Axenda

XORNADA POLA FAMILIA E A VIDA

Mañá venres, día trinta, por coincidir este ano o derradeiro domingo co Nadal, celébrase a festa da Sagrada Familia e a Xornada pola Familia e a Vida, co lema "Familia cristiá arraigada en Cristo". É o obxectivo de que nas distintas comunidades parroquiais se teña en conta esta celebración.

XORNADA POLA PAZ

O vindeiro domingo, día primeiro de ano, vaise celebrar a XLV Xornada pola Paz, baixo o lema "Educar ós xoves na xustiza e na paz". Con este motivo, o Papa Benedicto XVI fixo pública unha mensaxe.

EXERCICIOS ESPIRITUAIS PARA XOVES

A Delegación Diocesana de Infancia e Xuventude organiza, do dous ó catro de xaneiro, unha quenda de Exercicios Espirituais para xoves de dezasete a trinta e cinco anos. Esta quenda de exercicios espirituais vai ter lugar na Casa Diocesana de Miño. Para máis información ir a <https://deleinxumf.blogspot.com>

DÍA DO CATEQUISTA NATIVO

O Día de Reis, seis de xaneiro, a Delegación Diocesana de Obras Misionais Pontificias organiza o Día do Catequista Nativo co lema "Envíovos a todo o mundo"

XORNADA MUNDIAL DO EMIGRANTE E DO REFUXIADO

O domingo, día quince de xaneiro, celébrase a Xornada Mundial do emigrante e do refuxiado, baixo o lema "Saíamo ó encontro... abramos portas". A súa Santidade Benedicto XVI fixo pública unha mensaxe co gallo desta Xornada.

OCTAVARIO DE ORACIÓN POLA UNIDADE DOS CRISTIÁNS

Do dezaioito ó vinte cinco de xaneiro vai ter lugar o Octavario de Oración pola Unidade dos Cristiáns que organiza a Delegación Diocesana de Ecuemenismo. O tema deste ano é: "Todos seremos transformados pola vitoria do Noso Señor Xesucristo". Este tema está baseado na primeira carta de San Paulo ós Corintios (1Cor 15, 51-58)

XORNADA DA INFANCIA MISIONEIRA

O penúltimo domingo de xaneiro, día vinte e dous, vai celebrarse a Xornada da Infancia Misioneira, que organiza a Delegación Diocesana de Obras Misionais Pontificias. O lema deste ano é: "Cos nenos de América... falamos de Xesús"

Congreso Diocesano de Laicos

Que os laicos sexamos escoitados

María Jesús Prieto Teijeiro. Delegada de Laicos

Chámome Chus, son crente e leiga. O don da fe acompañame dende sempre. O Señor puxo no meu camiño grandes persoas que me souberon guiar. Unha destas guías foi a miña comunidade parroquial, que forma parte da miña familia dende hai anos. Sempre soñei cunha diocese na que os leigos estivesen representados, fosen escoitados e como fermento se notase o noso impulso na sociedade na que vivimos. Nas asembleas dos últimos anos, un dos temas recurrentes era a necesidade dunhas liñas de acción común. Para chegar a isto vía a necesidade de avivar o meu compromiso. Despois de levalo á oración, sentín que estou disposta xunto cos irmáns, a coñecer a verdadeira condición de leiga, descubrir ao que estou chamada persoalmente, pero tamén como parroquia, como arceprelado e como diocese.

Alégrame moito esta oportunidade de vivir o primeiro Congreso de Leigos. Penso que a mellor plataforma para que nos sintamos acollidos e animados, pero sobre todo escoitados, e, así, poidamos aportar ao próximo Plan Pastoral as necesidades que vemos na base da Igrexa, ademais do compromiso común de levalo acabo.

O camiño xa comezou e o Congreso non é o final, senón o inicio dun laicado maduro. Se o facemos en comunión, sacerdotes, relixiosos e leigos, atoparemos no noso bispo un apoio incondicional e faremos da nosa Igrexa local, unha verdadeira comunidade de fe. Animo a todos, ante todo, a escoitar o Señor: que sexa El quen nos convoque. Que descubramos en oración a nosa implicación persoal neste proxecto.

Vémonos no Congreso facendo camiño xuntos.

NOTICIAS

Viveiro: posta en marcha do Congreso

O pasado día 12, luns, o arceprelado de Viveiro convocou aos laicos máis implicados nas parroquias para facer unha presentación do Congreso diocesano de Laicos e comezar xa a organizar os grupos de traballo. A xuntanza, á que asistiron máis dun cento de persoas - laicos, relixiosas e sacerdotes -, foi presidida polo arcepreste, Xosé Román Escourido Basanta. Houbo un relatorio sobre o tema do laicado a cargo de Cándido Otero López, párroco de Xove, para situar o tema do Congreso. Tamén se traballou en grupos e houbo un diálogo entre os asistentes para afondar no tema.

Mondoñedo: Consello diocesano de Pastoral

Tamén no Consello diocesano de Pastoral, celebrado o xoves 15, na cidade episcopal, e presidido polo bispo Mons. Manuel Sánchez Monge, entre outros temas da orde día, tratouse o do Congreso coa finalidade de potenciar a súa posta en marcha e implicar aos membros, arceprestes e laicos, do Consello na súa realización.

Cada último Xoves de mes en La Voz de Galicia
www.mondonoferrol.org

dumio

Páxinas en galego subvencionadas por:



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

O equipo de redacción de Dumio quere agradecer todas as felicitacións e suxestións que recibiu de moitas persoas e institucións. No noso afán de seguir mellorando, comunicamos ós nosos lectores que estamos abertos a todo tipo de colaboración. Poden facernos chegar as súas aportacións a través do noso enderezo postal ou electrónico.